



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Grupo Instrumental Siglo XX

SÁB 14 OUTUBRO — 20.30 h
Igrexa da Universidade

Florian Vlashi, violín

Caroline Bournaud, violín

Raymond Arteaga, viola

Rediana Lukaçi, violonchelo

Florian Vlashi, director

Programa

I

PAULINO PEREIRO (1957)

*Cuarteto de corda nº 6 Galatea op.189** (2009)

ANTÓN DE SANTIAGO (1944)

*Ímola andando ** (2016)

MANUEL BALBOA (1958-2004)

Homenaje a E.M. Forster (1989)

II

JESÚS GONZÁLEZ

*Faro ** (2011)

MANUEL RODEIRO (1965)

Fragmentos de un mar de além... (1992)

*Estrea absoluta

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

O Grupo Instrumental Siglo XX nace en 1996 por iniciativa do violinista Florian Vlashi como homenaxe ao "Gran Século". A súa finalidade é interpretar as mellores obras de música de cámara dende o s. XX ata os nosos días. Intégranlo instrumentistas solistas da Orquestra Sinfónica de Galicia, procedentes de máis de 10 países e cunha dilatada experiencia e labor profesional de altísimo nivel. O seu número varía dependendo das obras do programa que se interpreta. Outro dos seus albos é a sensibilización da mocidade coa música contemporánea. Nos concertos didácticos 'a@s nen@s e a música moderna', conferencias–concertos ou clases abertas, o público novo achégase con naturalidade e sen complexos á música de Stravinski, Berio ou Xenakis. A estreita colaboración co compositor é esencial. O G.I.S.XX estreou 121 obras de compositores españois e ten no seu extenso repertorio máis de 200 pezas de autores esenciais que van dende Stravinski, Falla, e R. Strauss, ata Messiaen, Xenakis, Ligeti. Ten participado en diversos certames nacionais e internacionais como os festivais de música d'A Coruña (Festival Mozart), Santiago, Salamanca, Bilbao (Festival de Música del Siglo XX), Madrid (CDMC), Dures, Verona (Italia) etc., e obtivo as mellores críticas e fervorosos aplausos do público. Os seus concertos foron gravados por Radio Clásica - RNE e transmitidos por TVE 2 e polo Canal Internacional. O Grupo está aberto a novos proxectos e espazos combinando a música nova coa poesía, teatro, danza, vídeos e

artes plásticas. Das súas publicacións destacan o CD *Manuel Balboa – Obra completa para conjunto instrumental* (Verso), o DVD *O arame*, ópera nun acto de Juan Durán e o CD coas obras gañadoras "XXIII Jóvenes compositores 2012 Fundación Autor – CNDM".

Paulino Pereiro (A Coruña, 1957). O seu catálogo inclúe máis de 250 composicións de música de cámara, orquestral, teatral e cinematográfica interpretadas por toda Europa, Asia e América. No seu repertorio de cámara cóntanse obras para formacións diversas, interpretadas por destacados solistas como A. Besses, Herre-Jan Stegenga, D. Ethève, T. Prezevalskaia, J. L. Evangelista, Taller de Música do CGAC, Trío Quantz, Cuarteto Telemann, Shostakovich Ensemble, Taller de Canto do Orfeón Terra a Nosa, J. Vázquez Grella, M. J. Ladra, J. P. Dupuy, E. Ferrer, Quinteto Santa Cecilia, Chelicia, L. Perandones ou o Galatea Quartett, entre outros. Realizou a sintonía para a entrega dos Premios de Teatro María Casares e publicou obras didácticas para o ensino da música: *Caderno de melodías populares*, as *Melodías paisanas* e *Cancións de aquí e acolá*, alén de varios discos compactos. Estreou varias obras sinfónicas entre as que salientan: *Sinfonía núm 1, Paisaxes imaxinárias* op. 62 (OSG, dir. A. Wit), *O inferno de Dante*, op. 61 (RFG, A. Ros Marbá), *Orfeo e Dionisos*, op. 67 (RFG, M. Zumalave) e *Ceo*, op. 54 (OSG, Eiji Oue). Neste concerto estréase o seu *Cuarteto núm. 6 Galatea* composto en 2009 nun só movemento.

Antón de Santiago (A Coruña, 1944) é compositor, cantante, actor, xornalista e director teatral. Desde 1991 é xefe do Departamento Didáctico de Canto do Conservatorio Superior de Música da Coruña. Estudou música e teatro no Conservatorio Profesional da Coruña e canto con M. L. Neche. Debutou en 1974 cun monográfico de música galega. En Madrid, perfeccionou a técnica con M. del Pozo e A. Marçia Olaria e interpretación con F. Lavilla e M. Zanetti, como tamén escea con J. L. Alonso. Foi bolseiro da Fund. Barrié de la Maza e acudiu a importantes cursos de perfeccionamento en España e no estranxeiro. En 1984 gañou o Concurso Internacional de Canto de Logroño. É creador e xefe da área de Cultura da RAG. Ten dous CDs editados: *No bico un cantar*, selección de Cantigas Líricas Galegas, con composicións propias sobre poetas históricos e contemporáneos. É compositor de 15 cancións (cantiga lírica galega ou lied galego), 4 obras corais e dúas pezas breves instrumentais: *Ímola andando*, andante para cuarteto de corda e *Airela*, bagatela para piano.

Manuel Balboa (A Coruña, 1958 – Madrid, 2004). Malia o seu prematuro falecemento, a extensa produción do compositor abarca todo tipo de xéneros: música escénica, orquestral e camerística, onde atopamos diversidade de influencias, froito desa procura de identidade artística que dominou sobre todo o comezo da súa carreira compositiva. Os dous rasgos que mellor definen a obra de Balboa son o seu carácter triste e nostáxico, evocador dun tempo feliz perdido para sempre, e a brevidade das súas pezas, pois, a excepción da súa produción escénica, ningunha delas supera os oito minutos de duración. Como nesta homenaxe ao novelista inglés E. M. Forster, de pouco máis de dous minutos, na que atina nunha renovación tímbrica sen descoído do conceptual e que, segundo o seu amigo J. L. Ternes, dá comezo á etapa do silencio.

Jesús González (Vigo, 1965) estuda en Vigo, Santiago e Barcelona con profesores como J. Pons, C. Arimany, A. Biget ou T. Perkes. Estrea en festivais, teatros e auditorios de A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía, Barcelona, Cádiz, Xirona e Valencia, obras de encargo de entidades públicas e privadas así como de numerosas

agrupacións musicais. Deste xeito, as súas obras son interpretadas por músicos como F. Agell, Jean-Pierre Dupuy, M. Escobar, B. Fresco, Y. Gotlibovich, B. Kolar, J. Maso, A. Mora, D. Quiggle, J. Torrent, ou J. Simó... así como polos Ensemble CGAC, Ensemble Fonos 21 ou Ensemble Aticus 16. Tamén ten traballado en concerto con outros compositores como M. Lindberg, ou A. Mihalik, e con instrumentistas como J. P. Arias, B. Kreit, P. Coello ou C. Peris. Foi coordinador do Departamento de Música do CGAC de Santiago entre 1996 e 1998. En 2009 e 2010 crea e dirixe o ciclo de música de cámara *Galegos Hoxe!* A súa inquietude como músico levouno a participar en cursos e clases maxistras con numerosos mestres de sona internacional de todas as disciplinas musicais. En 2016 edita o seu primeiro CD *Cantiga*. En palabras do compositor, a peza de estrea, *Faro* "é unha obra para cuarteto de corda que consta de cinco movementos. Mediante o contorno dun debuxo dun faro coa súa luz, describo os sentimentos que despertan en min os faros solitarios das costas. Eles permanecen sempre aí, como guía inequívoca dos lugares, para orientar e evitar o perigo aos navegantes".

Manuel Rodeiro (S. Xoán de Vilanova, Miño, A Coruña, 1965). Compositor, escritor, profesor crítico e divulgador. Foi fundador e director do Dep. de Música do CGAC en Santiago. Desde 2003 vive en Barcelona onde é profesor do Dep. de Teoría, Composición e Dirección da Escola Superior de Música de Catalunya (ESMUC). É autor e editor de numerosos artigos e publicacións sobre a música e a arte contemporáneas. En 2013 recibiu o Premio da Cultura Galega en recoñecemento á súa traxectoria. Da obra hoxe interpretada *Fragmentos dun mar de além* o propio compositor afirma "non é máis ca expresión abstracta de fragmentos sonoros independentes que só encontran a súa composición nunha especie de mosaico [...] o único modo que encontrei entón de plasmar sonoridades que só desde moi lonxe chegaba a entrever". Na crítica que a Revista Scherzo publicou en novembro de 1992 trala estrea da obra no Festival de Alicante, Leopoldo Hontañón, describiuna como unha peza de "gran imaxinación combinatoria de voces, variada distribución secuencial e coidada visión do tímbrico".



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**
**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Últimos concertos

NOVEMBRO

SIGMA PROJECT

Ven 20—20.30 h— Teatro Principal

MAGDALENA LLAMAS, mezzosoprano

LUIS FERNANDO PÉREZ, piano

Sáb 21—20.30 h—Paraninfo da Universidade

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

Casiano Mourinho Maquieira, director

Dom 22—12.00 h— Teatro Principal

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Xov 26—20.30 h—Auditorio de Galicia*

Ven 27—18.30 h—Auditorio de Galicia**

PAULO p., gaita—**BERTA FRESCO**, piano

Ven 27—20.30 h—Paraninfo da Universidade

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Sáb 28—20.30 h—CGAC

GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO- GRUPO DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XOÁN MONTES DE LUGO

Diego Ventoso, director

Dom 29—12.30 h

Auditorio de Galicia- Sala Mozart



**Deputación
DA CORUÑA**